

Bo día:

O Consello da Infancia e da Adolescencia de Tomiño nace coa intención de establecer unha canle permanente de participación na actividade municipal de nenos, nenas e adolescentes, especialmente para tratar aquelas cuestións que lles afecten dun xeito directo.

Dende a coordinación do consello informámoslles que, tras estudar as diferentes opcións e medidas de seguridade, para darlle continuidade ao grupo de Voces novas tomamos as seguintes decisións:

- Formar pequenos grupos cos que traballaremos despois do horario escolar.
- Habilitarase un espazo seguro preto do colexio.
- Unha semana traballariamos de xeito presencial e a seguinte online.

Informaremos da data, horario e lugar cando teñamos os grupos formados.

Todas aquelas nenas, nenos e adolescentes que estén interesado en formar parte do Consello da Infancia e Adolescencia de Tomiño, Voces Novas, deberá cumprimentar o formulario de inscrición na páxina web do concello www.tomino.gal no apartado de “Vivir Tomiño- Infancia e Adolescencia- formulario de inscrición” (<https://tomino.gal/infancia-e-adolescencia/>)

Para máis información poden contactar nos teléfonos:

681666415 - Karina

604005755 - Fátima

Reciba un cordial saúdo.

Fátima Rodríguez González

Concelleira de eurocidade, mocidade e participación infantil.